

## IV ESCOLA FEMINISTA IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO

### COMUNICACIÓN FEMINISTA E COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

**Data: Sábado 14 de novembro**

**Lugar: Afundación**

Policarpo Sanz, 26, Vigo

A Escola Feminista é concibida como un espazo de formación, debate e xeración dunha conciencia crítica aplicable ao traballo no eido da cooperación, o activismo feminista ou o día a día

Implicadas no desenvolvemento xunto coa Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo organizará a IV Escola Feminista centrada na importancia e responsabilidade que os medios de comunicación e culturais teñen na construción do imaxinario colectivo que perpetua unha imaxe distorsionada, homoxénea e victimizada das mulleres do Sur pero tamén das do Norte.

Implicadas é unha organización galega de cooperación ao desenvolvemento que basea o seu traballo na procura da igualdade de xénero como piar para o desenvolvemento humano perdurable. Implicadas entende a loita contra a pobreza como un exercicio de responsabilidade da cidadanía do Norte en busca de espazos para que a cidadanía do Sur, e en concreto as mulleres, poidan tomar decisión sobre as súas vidas.

#### **PROGRAMA**

10:00-10:15 Chegada e inscrición das/os participantes

10:15-10:30 Inauguración a cargo de Implicadas no Desenvolvemento

10.30-12.00 Conferencia Nazanín Armanian: "Mulleres nas guerras de oriente próximo"

Pausa café 12:00-12.30

12.30-14.00 Obradoiro de comunicación feminista en cooperación ao desenvolvemento a cargo de María Reimóndez.

Pausa xantar 14:00- 16:00

16:00 -17:30 Conferencia de June Fernández: "Pikara Magazine: Periodismo de-xenerado"

17.30-18.00 Conclusións e clausura